

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Dedicacións exclusivas

Información Pública. Dedicacións exclusivas

O Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril:

“PRIMEIRO. Modificar o acordo plenario do 07.07.2015, e na súa consecuencia, ademais do desempeño con dedicación exclusiva do cargo de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Bergondo, nos termos recollidos no devandito acordo, recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva do cargo de concelleiro delegado da área de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente.

SEGUNDO. Fixar como retribución bruta anual para o cargo de concelleiro delegado de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, a cantidade de trinta mil euros – 30.000,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2017.

TERCEIRO. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a Alta do sr. concelleiro delegado de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, con efectos do 1 de xaneiro de 2017, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

CUARTO. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes do orzamento municipal de 2017, ás que se imputarán os gastos que correspondan, aos que se refiren os puntos segundo e terceiro do presente acordo.

QUINTO. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no Portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Bergondo, 23 de decembro de 2016

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2016/10700